

Ortografía. A COMA E O PUNTO E COMA



A coma (,) emprégase, entre outros, nos seguintes casos:

- Para separar, nunha oración, o nome da persoa á que nos diriximos. Exemplo ► *Deica logo, Xavier!*
- Para separar os elementos dunha enumeración, agás o último cando vai introducido polo enlace *e*. Exemplo ► *As froitas que máis me gustan son as cereixas, as noces, os amorodos e os pexegos.*

O punto e coma (;) emprégase para separar os elementos dunha enumeración cando estes, á súa vez, levan comas. Exemplo ► *Na froitaría merquei peras, mazás e laranxas; na carnicaría collín chourizos, bistés e costela; e na peixaría pedín sardiñas, peixe sapo e pescada.*

1. Despois de ler o cuadro de enriba, introduce as comas necesarias.

- Doutor estiven toda a noite tusindo e con febre alta.
- Por favor Estrela pásame o teu lapis.
- Mañá non te podos acompañar á biblioteca Martiño.



2. Substitúe o símbolo por coma ou punto e coma, segundo conveña

- Hoxe pola mañá visitaremos a catedral★ o concello e o museo★ pola tarde iremos ao castelo★ á ponte romana e á praza da Leña★ e pola noite pasearemos polas rúas da zona vella.
- Antón★ Uxío e Laura son os meus irmáns★ Sabela★ Carmela e Icía son as miñas tías★ e os meus pais chámanse Miguel e María.